



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo de Fin de Grao

Materia	Traballo de Fin de Grao			
Código	O05G130V01991			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	González Fernández, Antonio			
Profesorado	Isorna Folgar, Manuel			
Correo-e	aglez@uvigo.es			
Web	http://http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/traballo-fin-de-grao			
Descrición xeral	Os estudos de grao actuais inclúen unha materia baixo a denominación de Traballo de Fin de Grao. Este traballo ten como obxectivo evidenciar as competencias adquiridas ao longo de todo o proceso formativo.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
B3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
B4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
B5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
B6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
C2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas
C7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicarlas ás realidades socioeducativas
C9	Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar
C12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
C19	Administrar, coordinar e supervisar entidades, equipamentos e grupos, en función de diferentes contextos e necesidades
D1	Capacidade de análise e síntese
D8	Capacidade crítica e autocrítica
D9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
D16	Liderado
D19	Compromiso coa identidade, desenvolvemento e ética profesional
D20	Orientación á calidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que incluan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	A2 A3	B4	C2 C12	D8 D19 D20
Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicalas ás realidades socioeducativas	A3	B2 B3 B5 B6	C7 C12 C19	D1
Ser capaces de presentar ante unha audiencia proxectos de investigación.	A4 A5	B2 B6	C9	D9 D16

Contidos

Tema

Emprego de ferramentas básicas de investigación para analizar un tema proposto baixo a supervisión dun ou dunha director/a.

Elaboración do informe e defensa pública do mesmo.

Clase presencial en grupos medianos, para analizar os distintos tipos de proxectos que se poden realizar, e como abordalos.

Así como explicar os cambios normativos que realice a universidade e a propia Facultade, podendo alterar os contidos recollidos nesta guía, por estar condicionados a normativa de orde superior.

Contidos relacionados con materias do Grao aplicados á Educación Social.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Traballo tutelado	25	250	275
Presentación	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades dirixidas a presentación do TFG, proporcionando as orientacións sobre a planificación, deseño e realización do traballo.
Traballo tutelado	O estudante elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción do TFG, sempre baixo as directrices do seu titor/a de TFG.
Presentación	Exposición e defensa por parte do alumno/a do TFG realizado ante un Tribunal.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Orientación, seguimento e supervisión do TFG, de forma presencial ou a través da materia de Moovi, correo electrónico ou por teléfono.
Presentación	Orientación, seguimento e supervisión da presentación e exposición do TFG, de forma presencial ou a través de Moovi ou por correo electrónico.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	30	A3 B4 C2 D19
INFORME DO DIRECTOR/A DO TFG:		B5 C7 D20
A efectos de avaliación, o/a titor/a académico/a emitirá un informe no que valorará (de 0 a 10 puntos) a labor realizada pola alumna/o durante o período de elaboración do TFG.		B6 C9 C12 C19

Presentación	XUIZO DO TRIBUNAL AVALIADOR: Avaliación do traballo, da presentación escrita e defensa oral do TFG ante un Tribunal	70	A2 A4 A5	B2 B3	C9	D1 D8 D9 D16
--------------	---	----	----------------	----------	----	-----------------------

Outros comentarios sobre a Avaliación

Estes criterios de avaliación pderán ser modificados, aplicando normativa de rango superior elaborada polo Claustro ou o Consello de Goberno da Universidade. Consultar periódicamente información relacionada co Traballo de Fin de Grao (TFG) na páxina web da Facultade, e especificamente no Grao de Educación Social, onde se irá actualizando progresivamente información específica sobre normativa, prazos, requisitos exixidos. Para máis información consultar a páxina web da Facultade de Educación e Traballo Social.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade no espazo 'datas exames'.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

A. P. A., **Manual de publicaciones de la American Psychological Association**, (3ª ed. traducida de 6th en inglés), Manual Moderno, 2010

Blaxter, L.; Hughes, C. & Tight, M., **Cómo se investiga.**, Graó, 2008

Ferrer, V. , Carmona, M. & Soria, V. (Eds.), **El trabajo de fin de grado: guía para estudiantes, docentes y colaboradores.**, McGrawHill., 2012

González García, J. M.; León Mejía, A. & Peñalba Sotorrío, M., **Cómo escribir un Trabajo de Fin de Grado**, Síntesis, 2014

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

A Bibliografía será a recomendada polo/a titor/a, en función do tema do seu traballo. Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).